

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

**6811** *Real decreto 311/2019, do 26 de abril, polo que se modifican os anexos II.2 e V.2 da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

O 9 de marzo de 2018, o Goberno de España, a través do seu ministro de Facenda e Función Pública, e as organizacións sindicais CCOO, UGT e CSIF subscribiron o II Acordo para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, presentado na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas celebrada o 14 de marzo de 2018. O punto primeiro deste acordo establece que para o ano 2018 cada Administración pode destinar un 0,20% adicional da súa masa salarial en fondos adicionais.

A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, estableceu no seu artigo 18.dous que se poderá autorizar un incremento adicional do 0,2 por cento da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións.

Para as carreiras xudicial e fiscal, a dotación deste fondo foi cuantificada polo Ministerio de Facenda en 1.320.000 euros e foi notificada ao Ministerio de Xustiza pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda o día 19 de decembro de 2018.

O marco e a estrutura retributiva de ambas as carreiras están establecidos pola Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal. O complemento de destino regúlase nos artigos 5 –para a carreira xudicial– e 13 –para a carreira fiscal– desta lei e concréntanse nos seus anexos II.2 e V.2 respectivamente, as contías que corresponden a cada carreira e posto concreto. Así mesmo, a disposición derradeira primeira desta lei prevé que a cuantificación das retribucións contida nos seus anexos poderá ser actualizada e modificada polo Goberno mediante real decreto, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Oídas as asociacións profesionais representativas das carreiras xudicial e fiscal, acordouse destinar o referido fondo do 0,2% da masa salarial á mellora do complemento de destino dos postos daquelas clasificados nos grupos de poboación 5, por ser os que teñen retribucións máis baixas.

Conforme o previsto no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a necesidade e a eficacia do presente real decreto encóntranse xustificadas porque é o único instrumento normativo que posibilita, nos termos en que se acordou, dar execución práctica e real da asignación ás carreiras xudicial e fiscal do referido fondo do 0,2% da masa salarial, establecido no artigo 18.dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Resulta, por iso, unha norma proporcionada para este fin pois, por medio deste real decreto, modifícanse os anexos II.2 e V.2 da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal. Así mesmo, o coñecemento e a comprensión que ofrecen os referidos novos anexos, ao actualizárense neles as contías dos complementos de destino, contribúe a garantir o principio de seguridade xurídica, máis tratándose dunha norma de carácter retributivo, de forma transparente e eficiente.

Atendendo ao seu contido, o proxecto foi sometido a informe do Consello Fiscal e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Xustiza e de Facenda, de Acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación dos anexos II.2 e V.2 da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal.*

Con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018, os anexos II.2 e V.2 da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, quedan modificados como segue:

«Un. A contía do complemento de destino por representación dos destinos do grupo de poboación 5, xuíces, recollida no anexo II.2, queda fixada en 193,74 € mensuais.

Dous. A contía do complemento de destino por representación dos destinos do grupo de poboación 5, terceira categoría de fiscais, recollida no anexo V.2, queda fixada en 193,74 € mensuais.»

**Disposición adicional única.** *Actualización das contías.*

As contías establecidas no presente real decreto comprenden o incremento global de retribucións do 1,5 % autorizado no artigo 18.dous, parágrafo primeiro, da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase a ministra de Xustiza para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Igualdade,  
CARMEN CALVO POYATO